

Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Día 8 de marzo

Día Internacional da Muller

Xoves, día 5 de marzo 18:45 h

Mari Cruz ofrecerá unha CHARLA seguida de coloquio sobre:

MULLERES GALEGAS QUE FIXERON COUSAS EXTRAORDINARIAS (E A SÚA RELACIÓN con PORTUGAL)

Mari Cruz Suárez é unha galega socia do Centro Galego de Lisboa. Licenciada en Socioloxía e apaixonada de Galicia. Como aficionada á Historia, intenta rescatar do pasado información sobre as xentes e os acontecementos relevantes que ao longo dos séculos modelaron a idiosincrasia galega e a mostraron polo mundo.

Para conmemorar o 8 de marzo, día internacional da muller, Mari Cruz elaborou unha charla coa que pretende sacar do olvido a un puñado de fémias que fixeron cousas extraordinarias, aínda que apenas son conocidas. Mulleres galegas que polo seu valor, o seu sacrificio persoal, a súa audacia, traballo ou xenialidade, merecen a nosa atención e porque, ademais, todas tiveron relación con Portugal en algún momento das súas vidas.

Seguro que aprenderemos e sentiremos orgullo de rendirlles este sinxelo homenaxe. Non perdades esta charla. Esperamos por vós.

Sábado, día 7 de marzo 16:00 h

Inauguración da exposición de fotografía

"SER MULHER"

Cerca de 30 mulleres expoñen os seus traballos nesta exposición que poderá ser visitada ata o día 19 de marzo de 11 a 14 e de 15 a 20 horas, de Luns a Sábado no noso salón de exposicións



EXPOSIÇÃO "SER MULHER"

07 a 19 Março 2020

Inauguração dia 7 às 16h00

Horário: Segunda a Sábado

11h - 14h / 15h - 20h



Xuventude de Galicia
Centro Galego de Lisboa

Mais informacións: Secretaria do Centro, polo Telf. 218853680 ou polo geral@juventudedagaliza.com